

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.

Setembro 2007. Datos provisionais.

COMUNICADO

Lixeira desaceleración no crecemento dos prezos dos bens de exportación en setembro de 2007.

Os prezos de importación diminuíron un 4,1% en taxa interanual.

Os prezos dos bens de exportación creceron un 6,6% en setembro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens exportados e expedidos na Comunidade Autónoma de Galicia creceron un 6,6% en setembro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Atendendo á clasificación por destino económico dos bens exportados, as taxas de variación interanual foron do 4% para os bens de consumo, 12,1% para os bens de equipo e 8,5% para os bens intermedios.

Con respecto ao mes anterior, o Índice de Valor Unitario para as exportacións rexistrou un decrecemento do 3,2%. Se a serie a corriximos de estacionalidade, a taxa de variación é do -3,6%.

Os prezos de importación decreceron un 4,1% en setembro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os prezos dos bens importados e introducidos na Comunidade Autónoma de Galicia decreceron un 4,1% en setembro de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Por destino económico dos bens importados, as taxas de variación interanual foron -1,4% para os bens de consumo, 6,6% para os bens de equipo e -3,7% para os bens intermedios.

En canto á variación mensual, os prezos de importación rexistran en setembro un crecemento do 1,3%. Se a serie a corriximos de estacionalidade, o crecemento é do 5,2%.

ÍNDICES DE VALOR UNITARIO DE EXPORTACIÓN

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Setembro 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	111,1	-3,2%	6,6%	8,9%
Bens de consumo	110,4	-3,8%	4,0%	11,5%
Bens de equipo	114,6	2,2%	12,1%	9,6%
Bens intermedios	110,7	-5,0%	8,5%	4,8%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior


ÍNDICES DE VALOR UNITARIO DE IMPORTACIÓN

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Setembro 2007. Datos provisionais

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
ÍNDICE XERAL	104,5	1,3%	-4,1%	-1,3%
Bens de consumo	104,4	5,3%	-1,4%	-0,5%
Bens de equipo	122,0	77,0%	6,6%	3,5%
Bens intermedios	104,8	-4,8%	-3,7%	-2,8%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

No seguinte gráfico pódese observar a evolución dos índices de exportación e importación dende 2000.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior



**Índices de valor unitario. Datos corregidos de
estacionalidade. Setembro 2007. Datos provisionais**

	Índice	% variación sobre mes anterior	% variación sobre igual período ano anterior	
			Do mes	Da media do que vai de ano
Exportacións/expedicións	109,2	-3,6%	6,6%	8,9%
Importacións/introduccións	105,2	5,2%	-4,1%	-1,3%

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es